

ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS  
DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2017

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado,  
D<sup>a</sup>. María Abelleira Fontán,  
D<sup>a</sup>. María José Bóveda,  
D<sup>a</sup>. Carme Campo Martínez,  
D. David Conde Lourido,  
D. Javier Costas Costas,  
D<sup>a</sup>. Esperanza Delgado Rosende,  
D. Francisco Díaz Fierros Viqueira,  
D<sup>a</sup>. Concepción Díaz Fierros Tabernero,  
D. Manuel Dios Diz,  
D<sup>a</sup>. Ana María García Lenza,  
D. Carlos Gómez Bermudez,  
D. Germán Hermida Castro,  
D. Carlos Iglesias Castelao,  
D<sup>a</sup>. Ana Estevez Lavandeira,  
D<sup>a</sup>. Estefanía A. Lodeiro Paz,  
D<sup>a</sup>. Milagros Lourido Reguera,  
D<sup>a</sup>. Esperanza Mariño Daila,  
D<sup>a</sup>. Rosa Martínez Ferreiro  
D. Luis Martull Tobío,  
D. Eduardo Otero Iglesias,  
D. Xaquín Penas Patiño,  
D<sup>a</sup>. Ana Porto Ruza,  
D<sup>a</sup>. Belen Saez Chas,  
D. Cibrán Santamarina Ríos,  
D. Miguel Anxo Seixas,  
D<sup>a</sup>. Xulia Vázquez Randulfe  
D. Manuel Vilas Tubio,  
D. Xose Ignacio Vilaseco Vázquez, e  
D. Francisco J. Sanjiao Otero, secretario da Xunta Reitora

En Santiago de Compostela, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios e socias o 4 de marzo de 2017, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencias e xustificacións de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente do Padroado, e procédese a tratar a orde do día.

**PUNTO ÚNICO: INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE REFORMA DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO.**

Toma a palabra o presidente do Padroado e fala dos antecedentes históricos do Museo do Pobo Galego e da intención dende o comezo de que o non fora só un museo convencional senón que fora por un lado un instrumento de conservación da identidade galega que en moitos aspectos se estaba perdendo, e por outro, ao igual que o seu referente, o Seminario de Estudos Galegos, un instrumento vivo de intervención na sociedade en defensa desa identidade e como instrumento de análise dalgún dos seus problemas reais. No Padroado da nosa Asociación confluiron os galeguistas históricos que achegaban lexitimación, daban seriedade e abrían portas para conseguir os recursos necesarios, e un grupo de persoas máis

novas que se encargaron das funcións executivas e da xestión diaria co fin de impulsar a creación do Museo do Pobo Galego, o que dou lugar a una estrutura de representación bicéfala.

Dende o inicio o Padroado, formado por persoas físicas e xurídicas, viu a necesidade de abrirse á sociedade galega no seu conxunto. En vez de formar unha asociación de amigos do museo paralela, que tería como obxectivo achegar recursos sen participar no funcionamento interno da asociación, inventaron a figura dos socios e socias do Museo do Pobo Galego, que alen de achegar recursos económicos e humanos, tamén tería una intervención activa no devir do Museo. Dende o Padroado e a Xunta Reitora fomentouse que se organizaran nunha oficina de socios e socias, que existira unha Asemblea de Socios e Socias anual na que se lles informara do funcionamento, onde se recolleran as súas propostas, e onde se escollerían dez representantes que participaran na Asemblea do Padroado, e tamén se estableceron dúas vogalías na Xunta Reitora, estando así presentes en todos os órganos colexiados da Asociación.

Esta estrutura, como a nosa Asociación xurdeu antes da Constitución do 1978 e da normativa que deriva a mesma, que non recolle esta posibilidade. Temos unha estrutura atípica que non responde exactamente ao modelo existente, xa que ademais dos membros da Asociación, tamén participan os socios e socias do Museo do Pobo Galego, mesmo non sendo membros da Asociación que fundou o Museo. Por este motivo, cada vez que se reforman, temos que explicar a nosa estrutura organizativa, e pelexar para manter o nome histórico das distintas figuras, distinguindo entre membros do Padroado e socios e socias do Museo do Pobo Galego.

O obxectivo desta reforma non é modificar o carácter de socios e socias do MPG, senón reformar a estrutura orgánica da Asociación, que hoxe xa non é factible. Arrastramos unha estrutura bicéfala, con Presidencia do Padroado e Xunta Reitora que xurdeu para diferenciar dous planos de participación, os persoeiros que se encargaban da representación institucional e os novos que se encargaban do goberno do día a día. A desaparición dos históricos fai que esta bicefalia non teña hoxe sentido, este é o motivo fundamental da reforma, simplificando a estrutura de xestión, ao tempo que se aproveita para corrixir algunhas disfuncións existentes.

Respecto das persoas socias a idea é que todo siga exactamente igual que antes, non afectar a dereitos e obrigas, nin á participación nos distintos órganos, mesmo con maior representatividade proporcional. En todo caso, e dado que estes son os Estatutos da Asociación do Padroado do Museo do Pobo Galego, se recolle expresamente a mención de que os socios e socias do Museo do Pobo Galego non forman parte da Asociación, tan e como ocorre dende o inicio. Entende que se manifestara unha inquedaanza por se había cambios, pero quere aclarar que non afecta en nada ao status nin ao mecanismo de participación dos socios e socias na vida do Museo.

Quere tamén aclarar que o procedemento de elaboración dos Estatutos non foi nin opaco nin falto de transparencia, senón que seguiu o proceso establecido para calquera reforma. A Asemblea do Padroado, como órgano soberano acordou facer a reforma e nomear unha comisión redactora do proxecto na que había representantes de todos os estamentos do Padroado, no que ademais do presidente do Padroado e o secretario da Xunta Reitora, había dous expertos do Padroado, un posto para socios e socias, e outro para persoal do Museo. Esta comisión elaborou un primeiro anteprojecto que foi dado a coñecer a todo o mundo, estableceuse un prazo para presentar emendas por quen tiña capacidade de presentalas, mesmo se presentaron escritos por parte de varias persoas socias, e cumprido ese prazo a comisión volveu reunirse e elaborou o proxecto final, que é o que se remitiu coa convocatoria desta Asemblea Extraordinaria, que foi convocada para informar e recoller as inquedaanzas de socios e socias neste procedemento.

O Secretario da XR comenta a estrutura organizativa da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, e como se incardinan o Museo do Pobo Galego e os seus socios e socias, os cambios que se producen na estrutura organizativa, como o establecemento dun único órgano de goberno ou a posibilidade de disolver a asociación sen disolver o Museo do Pobo Galego, e a continuidade sen cambios no estatus das persoas socias. Explica que na nova redacción as

referencias ao Museo do Pobo Galego, e aos socios e socias do mesmo recóllense no capítulo II do título I, e serán desenvolvidas posteriormente no Regulamento de Réxime Interno.

A representante de socios e socias na Comisión, D<sup>a</sup>. Estefanía Lodeiro Paz, lembra que asumiu o cargo a solicitude dos representantes da Oficina de Socios e Socias, xa que, despois facer unha solicitude aberta na anterior Asemblea de Socios e Socias para que presentaran a súa candidaturas quen tiveran interese en formar parte da mesma, non houbo ningunha solicitude.

Aberta unha quenda de intervención, o socio D. Xermán Hermida Castro, afirma que non hai ningunha intención de atacar a ningún dos membros da asociación senón de falar da reforma, que lle gustaría que tivera outro sentido, e na súa opinión esta reforma presenta problemas legais. Entende que a Asociación leva un rexistro de socios que non son membros, preguntando se pode facerse pola normativa de xestión de datos, e que fixa a xestión dos fondos achegados, ou a presenza no Padroado de representantes que non son socios. A estrutura parecece a una fundación cunha asociación de amigos polo que debería organizarse como unha asociación de amigos con socios soberanos que poideran decidir que facer coas súas achegas. Entende as causas que motivaron a súa creación, pero a día de hoxe non cubre ese sentido. Concorde coa eliminación da bicefalia e co establecemento dun mecanismo que evite a desaparición do Museo en caso de disolución da asociación, pero non concorda coa exclusión dos socios e socias do Museo na asociación e solicita que os socios teñan voz.

O presidente do Padroado respóndelle que ten razón en que a nosa estrutura non encaixa ben no sistema actual, e que dúas vías sinxelas de facelo, unha sería ou ben converter a socios ou socias nunha asociación de amigos do museo, co que perderían a súa representación na Asemblea do Padroado e no Consello do Goberno, xa que serían alleos á Asociación, co que retrocederían na súa participación e implicaría un modelo moi distinto do que queremos que sobreviva; ou ben incorporar a todos os socios e socias do Museo como socios e socias da Asociación, o que afectaría ao modelo establecido inicialmente para impulsar o mantemento do Museo. Nos optamos por manter o modelo existente, onde un grupo de membros máis reducido forma a Asociación, que mantén e garante a continuidade do Museo e das outras institucións amparadas pola Asociación do Padroado do Museo do Pobo Galego, como poden ser o Museo, o Instituto de Estudos das Identidades, ou o Arquivo do Patrimonio Oral Inmaterial, e dado que o Museo é o resultado máis visible do seu traballo, conta cun respaldo social de persoas que queren colaborar ao seu mantemento achegando recursos moi necesarios.

A representante de socios e socias D<sup>a</sup>. Estefanía Lodeiro Paz comparte a importancia do papel das persoas socias no mantemento do Museo. Comenta que sempre se precisa a colaboración de socios e socias para determinadas actividades puntuais, pero por desgraza esta resposta é moi pequena, o que afecta á posibilidade de realizar actividades dende a Oficina. A socia D<sup>a</sup>. Rosa Martínez Ferreiro afirma que si existe colaboración dos socios e socias do Museo, e que ela colabora na Biblioteca xunto con outras seis persoas, ao que D<sup>a</sup>. Estefanía Lodeiro Paz responde que habendo máis de 1.500 socios que apoian ao Museo achegando unha cota anual, o grado de implicación nas actividades varía, e só unha porcentaxe pouco significativa colaboran, como no seu caso, asiduamente.

O secretario da Xunta Reitora, explica que os socios e socias do Museo do Pobo Galego colaboran no sostemento deste e teñen unha serie de contrapartidas, mesmo os beneficios fiscais derivados de achegar recursos económicos a unha Asociación declarada de utilidade pública, que non terían noutro caso, pero sen estar sometidos ás obrigas dos membros como por exemplo a existencia de cotas mínimas máis elevadas (175,00 € anuais para os patróns e patroas individuais fronte aos 30,00 € anuais dos socios e socias do Museo a título individual). Non somos a única asociación que mantén un esquema semellante, onde hai por unha parte os membros, e por outra colaboradores que achegan recursos voluntariamente e sen contraprestación que teñen que destinarse necesariamente a atender os seus fins sociais. Por suposto, e respecto dos distintos listados que se manteñen (de membros da asociación, de socios e socias do Museo do Pobo Galego, de persoas que traballan no Museo, de voluntariado, etc.) están rexistrados, e cumpren os requisitos recollidos na normativa de protección de datos.

Por outra parte, e dende o compromiso inicial de ser unha asociación transparente e que pretende que os socios e socias do Museo teñan un papel máis activo na xestión e no control do funcionamento da Asociación, reserva uns postos en todos os órganos colexiados da Asociación (Asemblea, Consello de Goberno e Comisión Permanente), a todos os niveis, adoptando unha postura máis activa nas actividades de xestión. Alén desta colaboración máis institucional, entende que cada socio e socia colaboran na medida en que poden e queren. Algúns son máis activos, e hoxe temos aquí como mostra a vosa presenza nesta asemblea, pero a inmensa maioría contribúen co pago da cota anual. Todas as persoas socias resultan fundamentais para achegar recursos e para contribuír á difusión da nosa labor e do papel do Museo na conservación e promoción da cultura galega. De sempre son un elemento básico para achegarnos a novas entidades ou para buscar novos socios e socias que se unan ao noso esforzo, como mostran as campañas desenvolvidas de captación de novos socios e socias ou o apoio na busca de Socios Protectores e Patrocinadores do Museo do Pobo Galego, aínda que sexa unha porcentaxe moi pequena do total os que se involucran alén do pago da cota, axudando na realización de actividades para as que se solicita cando é preciso a través das distintas canles de comunicación por parte da Oficina de Socios e Socias.

A socia D<sup>a</sup>. Ana Estévez Lavandeira comenta que, se ben non se implicou como socia do Museo ao ser tamén traballadora do mesmo, segue sen entender cal é o papel dos socios e socias no momento actual e por que non forman parte da Asociación. Dalle a sensación de que estamos trampeando e considera que non debemos facelo. Agradece o traballo realizado pola comisión de reforma, e que se celebre esta asemblea para informar a socios e socias do proceso de reforma, pero non o entende ben.

O secretario da Xunta Reitora aclara que o papel de socios e socias cos novos estatutos segue a ser o mesmo que nos estatutos actualmente en vigor. Non son membros da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, senón que son persoas que achegan unha cota anual mínima que se emprega no cumprimento dos seus fins, e por tal motivo, e á marxe doutras achegas que poidan facer, se convierten en socios e socias do Museo do Pobo Galego, non da Asociación. Esta peculiaridade organizativa, se ben non se corresponde co modelo máis común, non supón ningunha ilegalidade. Só hai que explicar en cada caso que xunto cos membros da Asociación, establecemos outros mecanismos de participación a maiores para persoas que colaboran no cumprimento dos seus fins con recursos materiais e humanos, aínda non tendo a característica de membros. O problema é a terminoloxía empregada, xa que os membros da Asociación son os patróns e patroas, mentres que os colaboradores do Museo reciben o nome de socios e socias do Museo do Pobo Galego. Esixennos que figure nos estatutos de forma expresa quen son membros para evitar confusión, e así se recolle agora o que xa de sempre viña acontecendo e que pretende manterse no futuro, pero sen cambios no seu contido nin no papel que veñen desenvolvendo. O presidente do Padroado concorda neste punto e afirma que o relevante é preguntarse se coa nova redacción dos estatutos se establecen cambios na situación dos socios, ou se con ela hai menos dereitos ou cambios nas súas obrigas, e a resposta a estas preguntas é non, xa que con esta reforma non se inclúe ningún cambio na súa situación.

A socia D<sup>a</sup>. Ana Estévez Lavandeira di que ven a esta Asemblea coa intención de entender o que non entendía, e cre moi construtivo que hoxe esteamos debatindo o contido desta reforma. Reitera que é consciente de que o traballo realizado non foi pouco e que nunca nos gusta que se poña en cuestión, pero non houbo en ningún momento intención de ofender. O presidente do Padroado afirma que non lle molesta a discrepancia, pero si que se afirmara que a Comisión encargada da reforma e que el preside actuou de forma opaca e sen transparencia, e considera que ten a forza moral para defender que nunca permitiu estes comportamentos nin se actuou así.

A socia Belén Sáez Chas di que a comisión se formou na Asemblea do Padroado e non na de Socios e Socias do Museo. Agradece que se nomeara a un representante dos socios e socias e outro do persoal, pero considera que a opacidade veu despois, en canto non existiu un mecanismo de actuación aberto a socios e socias, e que ela enviou ao principio mensaxes á representante de socios e socias sen que lle respondera, de ahí o seu descontento. Tamén a

socia D<sup>a</sup>. Xulia Vázquez Randulfe di que mentres a comisión estivo reunida non tiveron como socios ningunha comunicación.

A representante de socios e socias na Comisión responde que como parte da Comisión non podía facelo. O secretario da Xunta Reitora expón que aínda que a representante de socios e socias lle reenviou o seu escrito como secretario da Comisión, e conforme ao acordado na primeira reunión da Comisión, decidírase pola premura de tempo existente non recabar información fora, polo que non era o momento do procedemento para contestarlle. A Comisión actuou de forma soberana e desenvolveu os seus traballos de forma colexiada, decidiu non realizar ningunha consulta fora da mesma para traballar de forma máis áxil. Todos os membros da Comisión encargada da reforma dos estatutos tiñan que gardar discreción acerca dos traballos que estaban a realizar, e non podían divulgar as deliberacións internas. Por este motivo nin a representante de socios e socias, nin os representantes dos patróns e patroas, nin o representante do persoal podían informar dos traballos que se estaban a facer, nin recoller suxerencias até o momento de ter unha primeira proposta de texto. Mentres non se tivo redactado o anteproxecto da reforma, non se comunicou nada a ningún estamento, nin a socios, nin a traballadores, nin a patróns, nin siquera aos membros da Xunta Reitora. Só cando se aprobou o anteproxecto se trasladou o seu contido aos distintos estamentos para que fixeran as emendas ou comentarios que estimaran oportunas, no mesmo momento do procedemento. E despois de recibidas, consideráronse todos os escritos recibidos e elaborouse o proxecto final que foi remitido coa convocatoria desta Asemblea Extraordinaria.

O presidente do Padroado explica que os socios e socias recibiron a información acerca dos traballos da Comisión cando correspondía, e no mesmo momento en que se lle trasladou aos membros do Padroado. Aclarados estes puntos, lembra que o obxecto desta asemblea extraordinaria é recoller as inxerencias acerca da reforma para transmitirlas á Asemblea Xeral do Padroado que vai considerar a reforma dos Estatutos da Asociación.

A socia D<sup>a</sup>. Rosa Martínez Ferreiro comenta que non está de acordo con que socios e socias do Museo poidan ser excluídos se non asiste tres anos á Asemblea, ao que o presidente do Padroado lle responde que este deber de asistencia está só recollido para os patróns e patroas na Asemblea do Padroado, como forma de dinamizar a súa participación, e non para os socios e socias do Museo do Pobo Galego, en canto o título II se refire aos patróns e patroas. Tamén expresa a socia a súa reticencia a que o Museo poida venderse ou transmitirse a outra entidade en caso de disolución. O socio D. Javier Costas Costas di que nos novos estatutos figura que só pode traspasarse a entidades sen ánimo de lucro, o que corrobora o secretario da Xunta Reitora.

O socio D. David Conde Lourido pide que na redacción das normas relativas aos socios non se sintan nin os consideremos excluídos. O secretario da Xunta Reitora responde que esa é a intención cando se regule a figura no Regulamento de Réxime Interno.

O socio D. Xermán Hermida Castro considera que a información que se presentou nesta Asemblea podía ser subministrada antes, xa que de facelo podería terse actuado doutra forma, e pregunta se foi valorada a posibilidade de optar por transformar a estrutura actual nunha Fundación ou mesmo nunha asociación integrando a todos como socios, co que evitaríamos os problemas derivados da nosa estrutura. O secretario da Xunta Reitora lembra á Asemblea que a reforma dos estatutos foi realizada por persoas voluntarias de forma altruísta, que teñen outras obrigas e que adicaron tempo libre a desempeñar este labor, polo que o tempo dispoñible era pouco, máxime cando existen uns prazos para rematalo. Enviado o texto do proxecto para celebrar a Asemblea, seguiron elaborando o material que se presentou na mesma, até xusto o momento de entrar na mesma.

Respecto da outra pregunta comenta que si foron avaliadas ambas posibilidades, pero foron desbotadas. Transformarse nunha Fundación, dada a orixe dos seus fondos, en canto máis do 50% provén da Xunta de Galicia suporía transformala nunha fundación de carácter público, o que afectaría aos órganos de xestión na súa composición e na súa independencia. Respecto da opción por unha asociación con estrutura ordinaria tampouco se considera axeitada, en canto ao longo dos corenta anos de existencia a fórmula actual, baseada na existencia dunha

asociación cun número de membros reducido, pero que da entrada á sociedade no seu conxunto a través da figura dos socios e socias do Museo, ven mostrando a súa funcionalidade á hora de garantir a continuidade da Asociación, o cumprimento dos seus fins e o mantemento do Museo do Pobo Galego e os outros entes creados para a promoción e defensa da cultura galega.

Ao non haber máis comentarios, e despois de agradecer a socios e socias a súa participación nesta Asemblea Extraordinaria, o presidente da Xunta Reitora levanta a sesión ás 13.00, de todo o que, como secretario, dou fe.

Rematada a Asemblea extraordinaria, e despois de consultar co Secretario da Xunta Reitora a redacción da acta da Asemblea Ordinaria anterior, o socio D. David Conde Lourido, solicita que recolla expresamente nesta acta a equivocación na súa afirmación de que na Asemblea de Socios e Socias do Museo do Pobo Galego do mes de maio non se fixera un chamamento aos presentes na mesma para que se presentara unha persoa voluntaria para formar parte da Comisión de Reforma dos Estatutos en representación dos socios e socias do Museo do Pobo Galego, o que si aconteceu.

Vº e P., O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. Justo Beramendi González

Fco. J. SANJIAO OTERO.